

CTO. GALEGO DE WÁTER-POLO XUVENIL MIXTO

Tempada 2018/19. Circular 18-52.

1.- Participación

1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubs inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por clube.

1.2.- Poderán participar ademais, clubs non inscritos na FEGAN, con limitación do número de equipos en función de las posibilidades de organización. Os clubs de fora de Galicia, ademais dos gastos propios do Campionato, deberán aboar unha taxa anual de participación válida para todos os Campionatos, equivalente ao 50% da cota de Clube.

1.3.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa de Water-polo.

1.4.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubs presenten unha relación de xogadores segundo o ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo antes de cada encontro.

1.5.- A idade dos xogadores será a dos nados no ano 2001 e posteriores en categoría masculina e feminina.

2.- Inscripcións

2.1.- Os clubs deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 60 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Os clubs que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do campionato galego xuvenil.

2.3.- Unha vez finalizado o prazo e en función do número de equipos inscritos a FEGAN comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

3.- Calendario

3.1.- Celebrarase un campionato segundo calendario. A data pode ser modificada sempre que afecte dalgún xeito, e previa xustificación, ás competicións nacionais, nese caso comunicáranse oportunamente a todos os clubs, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

3.2.- O clube organizador deberá dispoñer de piscina na xornada do sábado e domingo por se se dese o caso de precisar ambas.

4.- Sistema de xogo

4.1. En función do número de equipos inscritos (Anexo), a FEGAN decidirá se se disputa en 1 ou 2 días. O cube que solicite a sede terá que cumprir o requisito de poder dispoñer da instalación 2 días por se fose preciso.

4.2.- A FEGAN será quen decida que sistema de xogo se empregará.

4.3.- O horario dos encontros así como o número de partidos en cada xornada (mañá-tarde) será determinado pola FEGAN.

4.4.- Xogarase conforme á Normativa Xeral de Wáter-polo.



4.5.- O sorteo será puro.

5.- Obrigas dos equipos

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

6.- Títulos e premios

6.1.- Ao finalizar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión do campionato e medallas aos compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

6.2.- O equipo Galego vencedor será o que teña dereito a disputar o Campionato de España Xuvenil.

A Coruña, 22 de xuño de 2018

Secretaría Xeral FEGAN

Anexo: sistemas de competición

Pode atoparse no apartado circulares da web.